



CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º

1. – A Asociación Provincial de Agrupacións y Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña, e unha Asociación sen ánimo de lucro con nº de inscrición no Rexistro 5.670/1ª provincial de Asociacións sen ánimo de lucro.

Rexirase polos presentes Estatutos, a LO del Derecho de Asociacións a que están adaptados e polo resto da normativa aplicable.

"ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DA CORUÑA", con C.I.F. nº G-15815327

2. - A Asociación rexerese polos presentes estatutos, por Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e polas demais lexislacións existentes en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º

O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de MUXIA, C/ Marina nº 52, C.P. 15124, o domicilio a efectos de notificación radicará na localidade de BERGONDO, Polígono de Bergondo, C/Parroquia de Guisamo S/N (Edificio Protección Civil)- C. P. 15165 Correo Electrónico asoprote@gmail.com

Todo o anterior sen perxuízo de que se poidan realizar reunións dos seus Órganos colexiados en calquera outro lugar do seu ámbito territorial.

Artigo 3º

A Asociación en función dos seus fins e da localización do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Provincia de A Coruña sen

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



prexuício de estender a súa actuación a calquera outra zona onde sexa demandada pola Administración u/o Organismos Competentes.

Artigo 4º

1. - A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na Lexislación Vixente.
2. - A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco de e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º

1. - Son fins principais da asociación:
 - a) Fomentar nos Municipios a idea da Seguridade no seu concepto integral, sensibilizando tanto aos corporativos coma ao resto dos Cidadáns.
 - b) Canalizar o intercambio, non solo de experiencias, publicacións e traballos, senón tamén os problemas para estudar a súa resolución de xeito conxunto.
 - c) Establecer unha canle de relación directa entre as Agrupacións de Voluntarios e a Administración a todos os niveis
 - d) Establecer un sistema de coordinación, que permita a homologación de elementos de intervención posibilitando a centralización da súa adquisición
 - e) Fomentar entre as Agrupacións de Voluntarios a realización de programas de protección integral e socorro a persoas damnificadas ou afectadas por accidentes, catástrofes, calamidades públicas, situacións de emerxencia social e outros riscos ou sinistros colectivos e sucesos similares, así como a prevención dos danos causados por estes, participando nas actuacións que resulten necesarias para iso, na forma establecida nas leis e nos plans nacionais ou territoriais correspondentes.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



- f) O fomento, entre as Agrupacións de Voluntarios, as actividades para novos que promovan a convivencia, e a elaboración de programas de formación dirixidos á educación en valores persoais.
- g) Fomentar nos municipios a colaboración en accións de voluntariado mediante a realización de programas de orientación, sensibilización e información que dean a coñecer o labor voluntario entre a poboación en xeral.
- h) O desenvolvemento, entre os voluntarios, de programas formativos encamiñados á consecución dos anteriores fins.
- i) Calquera outro que poida potenciar os obxectivos da Asociación.
- j) A Asociación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, é unha entidade non governamental de ámbito Provincial que carece de ánimo de lucro, constituída ao amparo da Lei de Asociacións do 24-12-64, Decreto de 20-05-65. e adaptada á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de Marzo reguladora do Dereito de Asociación

2. - Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organizar as seguintes actividades:

- a) Congresos
- b) Xornadas
- c) Intercambios
- d) Calquera outra acción formativa

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



CAPÍTULO II

DOS ASOCIADOS

Artigo 6º

1. - Poderán ser integrantes da Asociación todas aquelas Agrupacións ou Asociacións de Voluntarios de Protección Civil vinculadas a algún dos Concellos ou Mancomunidades, da Provincia de A Coruña.
2. - Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que legalmente represente a entidade.
3. - Os representantes por parte das Agrupacións será que nomee cada un dos seus Concellos por calquera dos medios que estes utilicen (Alcalde, Concelleiro delegado, Acordo plenario ou de comisión de goberno), no caso de asociacións o que legalmente estea nomeado.

Artigo 7º

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional
- b) Numerarios, aquelas Agrupacións ou Asociacións de Voluntarios que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de modo notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8º

1. - A condición de asociado pérdese:
 - a) Por vontade propia
 - b) Por falta de pagamento de 4 cotas
 - c) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente aos intereses da Asociación, logo de expediente disciplinario, con audiencia de interesado.
2. - A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada por a Directiva, despois da audiencia do representante da entidade

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado por Ila Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9º

Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

- 1) Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir a e acordo cos estatutos.
- 2) Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- 3) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás devanditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- 4) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que considere contrarios á lei ou aos estatutos.

Os asociados e asociadas honorarios non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación dela. Os asociados e asociadas honorarios están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10º

Son obrigas dos asociados e asociadas:

- 1) Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a súa consecución
- 2) Pagar as cotas que se establezan
- 3) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos
- 4) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación
- 5) Acatar o contido dos estatutos

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



- 6) Ter unha boa conduta individual e cívica

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º

Clases de órganos.

Os órganos de goberno e de representación da Asociación son os seguintes:

- a) Órganos colexiados: a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e a Comisión Permanente
- b) Órganos unipersoais: o Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e os Vogais.

Órganos colexiados

A Asemblea Xeral

Artigo 12º.

A Asemblea Xeral, órgano supremo *de goberno* da Asociación, está composta por todos os socios titulares, os cales poderán delegar a súa representación en calquera das outras entidades asociadas mediante modelo oficial de esta Asociación asinado, requerido para tal fin.

Artigo 13º.

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias:

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



Artigo 14º

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Unha vez recibido escrito de solicitude o prazo máximo para a convocatoria da Asemblea será de 5 días , e para a celebración da mesma non poderá demorarse mais de outros cinco días dende a convocatoria.

Artigo 15º

La Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por todos os integrantes desta. O presidente e o secretario da Xunta Directiva serán tamén o presidente e secretario da Asemblea.

Artigo 16º

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente nos últimos quince días do mes de Xaneiro. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea Xeral en primeira convocatoria haberá de mediar polo menos quince días para as convocatorias ordinarias e corenta e oito horas para as extraordinarias.

A notificación farase tanto para as asembleas ordinarias coma para as asembleas extraordinarias no domicilio facilitado polos asociados ou no correo electrónico **a.v.p.c.....@gmail.com** co nome da Agrupación/Asociación, os que o teñan asignado ou calquera outro correo electrónico distinto deste do que dispoñan as Agrupacións/Asociacións e para todo o relacionado cas mesmas.

A convocatoria fixará a orde do día, a hora e o lugar de celebración da sesión.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



Artigo 17º

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- 1) Aprobar o plan de actividades
- 2) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior
- 3) Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio
- 4) Exame e aprobación das contas

Artigo 18º

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- 1) Modificar os estatutos da asociación
- 2) A nomeamento do Presidente da Xunta Directiva, unha vez resolto o procedemento Electoral.
- 3) A aprobación do cambio de domicilio da Sociedade, por proposta da Xunta Directiva
- 4) Aprobar a federación con outras asociacións
- 5) Autorizar a alienación, gravame ou hipoteca dos bens sociais
- 6) Acordar a disolución da asociación
- 7) Designar os liquidadores
- 8) Ratificar a expulsión de asociados e asociadas por proposta da Xunta Directiva
- 9) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación
- 10) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación
- 11) As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
- 12) Todas as competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



Artigo 19º

La Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes pero, en todo caso, con presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario.

Artigo 20º

Os acordos adoptados deberán ser polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os que estableza o Artigo 12 da Ley Organica 1/2002 que seran aprobados por maioría cualificada. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinará o presidente e o secretario de la Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada por ea Xeral e aprobada por maioría dos presentes.

Os empates decidiranse polo voto de calidade do Presidente.

Artigo 21º

Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os asociados, mesmo aos non asistentes.

As sesións abriranse polo presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro de a Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e á aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 22º

Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos por quen os houbera votado encontra, en reposición diante da Asemblea Xeral. A

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



partir desta resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer ante a xurisdición ordinaria.

A Xunta Directiva

Artigo 23º.

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. A Xunta Directiva está formada polo Presidente, que así mesmo o será da Asociación, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e ata un máximo de sete (7) vogais.
2. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsado dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación. As persoas para estes cargos deberán carecer de intereses económicos nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

Artigo 24º.

Procedemento de elección.

A Asemblea Xeral elixirá o Presidente e o Presidente ós membros da Xunta Directiva de entre todos os representantes con dereito a voto.

O procedemento electoral é o seguinte:

A presidencia da Asociación, oída a Xunta Directiva, vinte e cinco días antes de expirar o mandato para o que foi elixido, convocará eleccións e publicará o correspondente calendario electoral

1. Dentro dos dez días naturais seguintes á convocatoria electoral os socios titulares poderán presentar as súas candidaturas á secretaría da Xunta Electoral, elixida para tal efecto. Esta

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



petición deberá ir subscripta polo interesado e avalada por quince membros (15) dos socios con dereito a voto.

2. A Secretaría da Xunta Electoral pronunciarase sobre a candidatura no prazo de tres días, examinando o cumprimento das condicións de elixibilidade do interesado e a condición de electores dos socios que apoian a candidatura. Transcorrido o devandito prazo sen comunicación expresa ao interesado entenderase que reúne todos os requisitos estatutarios quedando proclamado como candidato. Se houboese unha comunicación expresa rexeitando a solicitude, o interesado poderá reclamar ante a Xunta Electoral no prazo de tres días(3), que se resolverá nas corenta e oito horas posteriores a presentación da reclamación. Contra esta resolución non caberá reclamación ningunha.
3. En todo caso, o Presidente da Xunta Electoral, antes do mes anterior á data convocada para a celebración das eleccións na Asemblea Xeral, deberá proclamar e comunicar a todos os socios a candidatura ou candidaturas para a correspondente elección. Así mesmo, no mesmo prazo, a Xunta Electoral, remitirá a todos os socios as correspondentes papeletas oficiais e os sobres a utilizar por correo postal, ou mediante os modelos oficiais colgados para tal efecto na Páxina Web da Asociación.
4. Será preciso realizar efectivamente o acto de votación cando concurran unha ou máis de unha candidatura o proceso electoral.
5. Procedemento Electoral:

A convocatoria de Eleccións farase polo Presidente da Xunta Directiva :

Os trámites a seguir ata a celebración do acto electoral serán os seguintes:

- A Xunta Directiva convértese en Xunta Xestora e Mesa electoral
- A convocatoria anunciarase con vintecinco (25) días de antelación, como mínimo, á data da celebración da elección.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



- En dita convocatoria indicárase día, hora e lugar da celebración.
- Terán dereito ó voto toda-las entidades, que na data da convocatoria das eleccións, figuran inscritas como socias.
- Cada entidade inscrita terá dereito a un (1) voto .
- Asimesmo unha entidade asociada poderá delegar o seu voto noutra, para o cal a primeira deberá extender escrito de delegación que será firmado polas dúas partes, segundo o modelo oficial facilitado pola Xunta Xestora.
- A relación das entidades con dereito a voto (Inscritas no Censo Electoral), estará exposta á entrada do local designado para as votaciónes.
- Elaborárase por orde alfabético.

Candidaturas

- Poderán ser candidatos a Presidente da Asociación Provincial calquera representante dunha Agrupación/Asociación socia de pleno dereito, debidamente avalado, polo menos, por quince (15) representantes doutras tantas Agrupacións/Asociacións.
- As candidaturas deberán presentarse por escrito e serán enviadas por correo certificado con acuse de recibo, ou por calquera medio establecido en dereito á sede da Asociación : **Asociación Provincial de Agrupacións/Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña.**
Polígono de Bergondo, C/Parroquia de Guisamo S/N (Edificio Protección civil) – 15165 Bergondo.
- Ditas candidaturas deberán presentarse con, alomenos, dez (10) días de antelación á data sinalada para o acto electoral e deberán estar avaladas por un mínimo quince (15) representantes doutras tantas entidades asociadas.
- Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, daranse tres (3) días de prazo para recibir as presentadas por calquera medio establecido en dereito.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



Transcurrido dito prazo, faranse públicas as presentadas, abríndose un prazo de tres (3) días para presentar recursos contra as mesmas

- A Xunta Electoral disporá dun prazo de dous (2) días para resolver os recursos presentados. En dito prazo, a Xunta Electoral poderá, de oficio, apreciar a falta de idoneidade dalgunha o algunhas das candidaturas presentadas, motivándoo debidamente.
- Cunha antelación de cinco (5) días, como mínimo, para a celebración das votacións, envíarase a cada entidade asociada a relación de candidaturas presentadas.

Computación de prazos

Todo-los prazos sinalados nestes Estatutos computaránse por días naturais.

Celebración

- Para a celebración das eleccións constituírse a Mesa Electoral que estará integrada por, alomenos, dous membros da Xunta Xestora, actuando como Presidente e Secretario, respectivamente. Asimesmo cada candidatura propondrá un interventor que formará parte de dita Mesa.
- O voto será secreto.

Escrutinio

- Finalizada a votación procederase ó escrutinio, lendose en voz alta tódalas papeletas.
- Deberán ser declarados nulos totalmente aqueles votos que conteñan expresións alleas ó escrito contido da votación ou que conteñan tachaduras ou raspaduras.
- Os resultados das eleccións son válidos calquera que sea o número de votantes e o de concurrentes.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



- Finalizadas as votacións e unha vez que a Xunta Electoral contabilizara os votos, dita Xunta Electoral procederá á proclamación do Presidente, que se fara cargo de rexer os destinos da Asociación Provincial e quen presentará ó equipo que lle acompañará na Xunta Directiva.

Artigo 25º.

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 1) Programar e dirixir as actividades asociativas
- 2) Levar a xestión administrativa e económica da asociación
- 3) Someter a aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- 4) Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral
- 5) Propoñer á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
- 6) Designar as comisións de traballo ou seccións que se consideren oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- 7) nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación
- 8) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral
- 9) Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados
- 10) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- 11) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan
- 12) Aquelas que non vingán atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.

Artigo 26º.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente, a iniciativa propia ou a petición de dous terzos das súas compoñentes e, en calquera caso, unha vez ao ano como mínimo. Será presidida polo Presidente da Asociación e da Xunta Directiva, que determinará a orde do día, e na súa ausencia polo Vicepresidente. Para que os acordos da Xunta sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario, sendo decisorio en caso de empate o voto do Presidente.

Se non se lograse o quorum exisido de asistencia a sesión, esta celebrarase en segunda convocatoria 1/2 hora despois da sinalada, sendo suficiente para a súa constitución unicamente a asistencia do 1/3 dos seus compoñentes e en todo caso do seu presidente e secretario.

O secretario levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

Artigo 27º

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de alcanzar delas as informacións necesarias. Formarán parte das devanditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, por proposta dos seus respectivos presidentes.

A Comisión Permanente

Artigo 28º

A Comisión Permanente será un órgano consultivo e colaborador da Xunta Directiva e estará constituída polos membros da Xunta Directiva e os vogais territoriais, todos eles nomeados polo presidente, ou por proposta da Xunta Directiva.

Reunirase un mínimo dunha vez ao ano.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



Órganos Unipersoais

O Presidente

Artigo 29º

O Presidente é o Representante Legal da Asociación e é elixido pola Asemblea Xeral de conformidade co Regulamento. A duración do seu mandato será de catro anos dende a súa toma de posesión.

1. - O **presidente** Será asistido nas súas funcións polo vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2. - O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representar á asociación diante de calquera organismo público ou privado.
- b) Elexir a súa Xunta Directiva entre os representantes das Agrupacións asociadas a esta entidade.
- c) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Comisión Permanente; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunhas e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- d) Determinar a orde do día das sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral
- e) Velar en todo momento polo exacto cumprimento dos presentes estatutos e dos acordos da Xunta Directiva e das Asembleas Xerais
- f) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- g) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- h) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- i) Calquera outra competencia que non estea asignada á Xunta Directiva.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



- j) Proceder ao peche do exercicio asociativo que terá lugar todos os anos o 31 de decembro

Artigo 30º

O Vicepresidente terá as seguintes funcións:

Substituír o Presidente en caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

A duración do seu mandato será de catro anos dende a súa toma de posesión (4) anos.

O Presidente poderá delegar nel as tribucions que considere precisas para o mellor goberno e administración.

Artigo 31º

1. - O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle así mesmo notificar as convocatorias e custodia das actas e expedir certificacións destes co visto e bo do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

A duración do seu mandato será de catro anos dende a súa toma de posesión (4) anos..

Poderá designarse entre os vogais da Xunta Directiva unha persoa para substituír o Secretraio/a no caso de ausencia , enfermidade ou vacante.

Artigo 32º

1. - O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de presupostos da asociación así como as contas de resultados e balances.

2. - O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio presupostario o 31 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

A duración do seu mandato será de catro anos dende a súa toma de posesión .

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



Artigo 33º

Os vogais terán as seguintes atribucións:

- 1) Realizar programas e propostas na súa área de actuación
 - 2) Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva
- A duración do seu mandato será de catro anos dende a súa toma de posesión .

Artigo 34º

Os cargos cesarán na súa función por:

- a) Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica
- b) Renuncia voluntaria
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos
- d) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por **2/3** dos asociados reunidos en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar o cesamento automático, senón que se deberá facer un traspaso efectivo con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros de a Directiva, serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros , en caso de vacante do presidente este será substituído polo vicepresidente polo que quede de legislatura. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.



CAPÍTULO IV **RÉXIME ECONÓMICO**

Artigo 35º

A asociación non dispón de patrimonio. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 36º

A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá de telo preparado antes dun de xaneiro de cada ano, co fin de que poida sexa aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 37º

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- 1) As cotas periódicas dos asociados
- 2) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea
- 3) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- 4) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- 5) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 38º

A Asemblea Xeral Ordinaria, por proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



Artigo 39º

Anualmente con referencia a o último día do exercicio económico de cada ano elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 40º

Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

Artigo 41º

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO V

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 42º

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 43º

Avda. do Ambulatorio, s/n
(Edif. Antigo Centro Médico)
Telf. 981 70 40 48 - Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO
(A Coruña)



Os presentes estatutos solo poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado pola metade mais un dos asociados de pleno dereito. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 44º

A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto

Artigo 45º

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados liquidadores, que xunto ao presidente e tesoureiro, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 46º

O haber resultante unha vez efectuado a liquidación, doaranse a outra asociación non lucrativa, que posúa similares fins e que estea inscrita.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Dona OLIVA GARCIA TRASANCOS, na súa calidade de secretaria da **ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓN E ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DA CORUÑA** fai constar que estes Estatutos quedan modificados segundo acordo de Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 04 de Setembro de 2018

Data, asina do secretario e selo dá asociación

En Carballo a 04 de setembro de 2018.

SECRETARIA



VºBº PRESIDENTE

Oliva García Trasancos

Jose A. Gonzalez del Oso